

esgrima, espazo escénico, expresión corporal, iluminación, interpretación, interpretación con obxectos, interpretación no musical, interpretación no teatro do xesto, literatura dramática, técnicas escénicas, técnicas gráficas, teoría e historia da arte e teoría teatral, todas elas do corpo de profesores de música e artes escénicas, será requisito imprescindible estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), ter superado o curso de perfeccionamento de lingua galega, ter a validación correspondente ou superalo a través de proba libre. Para estes únicos efectos, entenderase que reúnen este requisito os que superasen a proba de coñecementos de lingua galega no procedemento selectivo de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.

Este requisito deberá posuírse e xustificarse no prazo de reclamacións e renuncias previsto na base décimo novena».

Corrección de erros.-Orde do 10 de decembro de 2008 pola que se fan públicas as vacantes provisionais dos corpos de profesores que imparten ensino secundario, formación profesional, ensinanzas artísticas e idiomas e nas sedes da Inspección Educativa para o curso 2009-2010.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 243, do martes, 16 de decembro de 2008, é necesario efectuar as seguintes modificacións:

No anexo I:

Onde di: «Prazas bilingües francés», debe dicir: «Prazas bilingües inglés»; onde di: «Prazas bilingües inglés», debe dicir: «Prazas bilingües francés».

No IES de Ames-15027721, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 007 (física e química) 0 prazas», debe dicir: «disciplina 007 (física e química) 1 prazas»; onde di: «disciplina 017 (educación física) 1 prazas», debe dicir: «disciplina 017 (educación física) 0 prazas».

No IES Elviña-A Coruña-15005579, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 004 (lingua castelá e literatura) 1 praza», debe dicir: «disciplina 004 (lingua castelá e literatura) 0 prazas»; onde di: «disciplina 007 (física e química) 0 prazas», debe dicir: «disciplina 007 (física e química) 1 praza»; onde di: «disciplina 017 (educación física) 1 prazas», debe dicir: «disciplina 017 (educación física) 0 prazas».

No IES Adormideras-A Coruña-15026716, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 004 (lingua castelá e literatura) 1 prazas», debe dicir: «disciplina 004

(lingua castelá e literatura) 0 prazas»; onde di: «disciplina 006 (matemáticas) 1 prazas», debe dicir: «disciplina 006 (matemáticas) 0 prazas».

No IES A Sardiñeira-A Coruña-15027770, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 010 (francés) 1 praza», debe dicir: «disciplina 010 (francés) 0 prazas»; onde di: «disciplina 011 (inglés) 1 praza», debe dicir: «disciplina 011 (inglés) 0 prazas».

No IES Marqués de Suanzes-Ferrol-15006754, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 007 (física e química) 1 praza», debe dicir: «disciplina 007 (física e química) 0 prazas».

No IES Leixa-Ferrol-15021469, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 018 (orientación educativa) 1 praza», debe dicir: «disciplina 018 (orientación educativa) 0 prazas».

No IES Ricardo Carballo Calero-Ferrol-15025645, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 004 (lingua castelá e literatura) 1 praza», debe dicir: «disciplina 004 (lingua castelá e literatura) 0 prazas».

No CPI Cernadas de Castro-Lousame-15008039, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 011 (inglés) 1 praza», debe dicir: «disciplina 011 (inglés) 0 prazas».

No IES Maruxa Mallo Ordes-15027939, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 006 (matemáticas) 1 praza», debe dicir: «disciplina 006 (matemáticas) 0 prazas».

No IES Brema-Pontedeume-15020556, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 017 (educación física) 1 praza», debe dicir: «disciplina 017 (educación física) 0 prazas».

No IES nº 1-Ribeira-15014568, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 008 (bioloxía e xeoloxía) 0 prazas», debe dicir: «disciplina 008 (bioloxía e xeoloxía) 1 praza».

No IES Leliadoura-Ribeira-15027711, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 008 (bioloxía e xeoloxía) 1 prazas», debe dicir: «disciplina 008 (bioloxía e xeoloxía) 0 prazas».

No IES Eduardo Pondal-Santiago de Compostela-15015861, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 005 (xeografía e historia) 1 praza», debe dicir: «disciplina 005 (xeografía e historia) 0 prazas».

No IES Antonio Fraguas Fraguas-Santiago de Compostela-15025712, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 002 (grego) 1 praza», debe dicir: «disciplina 002 (grego) 0 prazas».

No CPI de Viaño Pequeño-Trazo-15020994, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 009 (debuxo) 1 praza», debe dicir: «disciplina 009 (debuxo) 0 prazas».

No IES Alexandre Bóveda-Vigo-36011798 prazas non bilingües, onde di: «disciplina 005 (xeografía e historia) 1 praza», debe dicir: «disciplina 005 (xeografía e historia) 0 prazas».

No anexo II:

No IES Cruceiro Baleares-Culleredo-15005749, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 210 (máquinas, servizos e produción) 1 praza», debe dicir: «disciplina 210 (máquinas, servizos e produción) 4 prazas».

No IES Marqués de Suanzes-Ferrol-15006754, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 206 (instalacións electrotécnicas) 1 praza», debe dicir: «disciplina 206 (instalacións electrotécnicas) 0 prazas».

No IES Virxe do Mar-Noia-15010812, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 229 (técnicas e procedementos de imaxe e son) 2 prazas», debe dicir: «disciplina 229 (técnicas e procedementos de imaxe e son) 0 prazas».

No IES Macías o Namorado-Padrón-15023090, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 206 (instalacións electrotécnicas) 1 praza», debe dicir: «disciplina 206 (instalacións electrotécnicas) 0 prazas»; onde di: «disciplina 222 (procesos de xestión administrativa) 1 praza», debe dicir: «disciplina 222 (procesos de xestión administrativa) 0 prazas».

No IES A Pontepedriña-Santiago de Compostela-15026753, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 222 (procesos de xestión administrativa) 0 prazas», debe dicir: «disciplina 222 (procesos de xestión administrativa) 1 praza».

No anexo VIII:

Onde di «Inspección de Ferrol-15990027, vacantes 5», debe dicir: «Inspección de Ferrol-15990027, vacantes 3».

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 21 de novembro de 2008, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de encargado de equipo de persoal de oficios deste complexo hospitalario.

Convocada pola Resolución do 1 de agosto de 2008 (DOG nº165, do 27 de agosto), a provisión do posto de encargado de equipo de persoal de oficios do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, esta Xerencia, de conformidade coa competencia atribuí-

da no artigo 3 da orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño),

DISPÓN :

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión do posto de encargado de equipo de persoal de oficios do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, convocada pola Resolución do 1 de agosto de 2008.

Segundo.-Nomear para o posto que se indica a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeñe, dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscripción ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Vigo, 21 de novembro de 2008.

José Luis Díaz Fernández
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

ANEXO

Denominación do posto: encargado de equipo de persoal de oficios do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Nome e apelidos: Mariano Novoa Novoa.
DNI: 36023796-T.